

Luns, 17 de agosto de 2026

Núm. 156

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Presupostos e cadros de persoal**

RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO NO PROCEDIMENTO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DA XEFATURA DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (EXPTE. 48762/220)

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 07 de agosto de 2026, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.– Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño do 2026 (BOPPO nº 125, do venres 3 de xullo do 2026) de aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 48,762-220) e citado nos antecedentes do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede.

Segundo.— Notificar o presente acordo aos recorrentes e persoas interesadas, ás persoas designadas como instrutoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Terceiro.— Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”

MDG

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Alcalde

P.D. A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025).- Patricia Rodríguez Calviño

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: LX95OF7DS6Q72RRN

